

estibaliz espinosa
papel a punto de



papel a punto de
poemas entre 2003/2011
Estíbaliz... Espinosa Río



imaxe da portada «Drawstring» cortesía de **Thomas Allen**
<http://thomasallenonline.com/>
ilustración de PJ Harvey con paxaro, cortesía de **Pablo Gallo**
<http://elblogdepablogallo.blogspot.com.es/>
A tradución a castelán deste libro publicouse en papel en **El Gaviero eds.**, 2011
www.elgaviero.com

{ A Emilia }

/ a contención, o alento /

Palabras dentro
gabea. Até o colo
penetran. Na materia escura do cranio
vértebra contra vértebra
e reverberan *Non*.
Non agora.

Así contén o seu alento
nevado, si, a páxina.

Non, diste.
Palabras non. Non agora.

/ zero /

Se abondase cun texto informe para deformar o espazo-
tempo
e incluírnos a nós mesmos en calquera rexión do que ten
sido

...

puntos suspensivos esíxeme agora o innomeable
chegamos ao momento en que non se sabe qué dicirse.

E con todo internámonos
alén desta folla. *Pasamos a Marola.*
Lendo desde atrás estas palabras
que dun momento a outro afundirán no ilexible.

zeroun

Despexamos brétema branca branca como páxinas recentes
e o meu oído co teu oído coinciden sobre o ventre desosado
que foi bido
un tumor nevado que medra por sobreescritura
e servirá como vendaxe cando non saibamos qué dicirnos.

Vémolos, oímolos
ao lonxe, deitados na curva da matemática imperfecta
parecesen multiplicar campos de millo coa faciana volta ao
cosmos.

Fixádevos ben neles, fixádevos
con que pavorosa tenrura prepáranse para ser nós
-cromosomas obedientes no fluxo do carbono-
pero antes disolven coma puñados de area nos ollos= 0
Nun hemisferio contan o tempo ata o texto que ao fin fale

deles
-podería tratarse deste e podería ser ningún -
no outro, o dereito, mesturan a súa colleita cos deuses
foden co círculo intuitivo tan así que
sobre o cranio o sol álzase como saíndo dunha eclipse.
Hinduísimos. Babélicos. Maísimas.
E traen ósos soldados coa maxia dunha suma
que sempre lles dá 0 0 0.

Dispostos en parellas forman signos de infinito
xémeos oitos estomballados nas rodas do destino
dun carro do país -do seu impaís- que tamén canta
e do que eu non sei nomear nin unha soa das súas partes.

zeroundous

De aquí ao infinito, pero en qué momento
e ónde é exactamente aquí.
A posteridade dá 0.
O aire dá 0.
E a súa boca e o seu embigo e os seus cen cigotos cegos
dan cero cero cero.
E.

Dan cero cero cero
e de súpeto a paus xa nos entenden
entenden que a nada é o principio que se acaba
e mírannos e ódiannos cos seus *grandes ollos fixos*
na súa órbita por cero cero cero cero cero.

Coma.

zeroundoustres

E a partir de aí serán todo hiroshimas

simas

cimas

por volveren incubar o seu oco ovo onde non

e non

e non.

Un si procreado en non, así a vida.

Un *Oh* pronunciado coas conas da arxila.

A marca redonda recibe os ouriños dos sabios

e cara ao chan

baixa a nada desde o ceo como unha nave extraterrestre.

Pousa entre as xunqueiras estiradas coma uns

a nada tan preñada de si mesma, tan pagada de si mesma

ante unha cabezota de neutróns que me raño coas túas

garras.

E vémoslos coma se fosemos nós mais non o somos

e das nosas vacas cachenas paren a extinción

e o ocaso dun mundo.

E a figura zigurat e a cifra

na que nifra redondez un céfiro nocturno

e o que antigamente podería ata rimarse

pero hoxe vai prohibido.

Unha rima entre uns dentes dá como resultado cero.

O cero absórbenos, *laforets* de nada, e enxéndranos nos seus
aneis

ser e nada, traxes *sartres*,

e caemos na conta de que esta nada nosa

si volverá ser como antes.

Antes de nada.

zeroinfinito

Tendidos a infinito, dobrados como radios
incríveis de bicicletas prehistóricas
deformados polo tempo chegamos a este hangar
[coa forma da ría de Ortigueira nos talóns
e unha Terra de Campos arada caluga arriba,
toda Orixe esquecida que empeza por o e tamén por cero]
a esta marxe de papel da cor dun óso extinto.
Igualados a eles, divididos por nós
o noso cero é aquel cero
mondado, á intemperie
óvulo dun futuro calquera,
dobrado no seu recanto superior
como unha páxina
que se resiste con horror a ser pasada.

materia escura

(abismo profundo

e

superfície de página)

/páxina a punto de /

Irrompemos nesta xeometría de cantos obedientes á escritura como feroces relatos por unha distancia de séculos.

Non é máis ca un nicho de mercado, din algúns. Non é máis ca un esternón de calcio ausente da miña vida, dis ti. Como sobre unha cama revolta vendavalean os nosos suxeitos co teu predicado. É o seu silencio de venda o que nos fixo chorar. É o seu aspecto de fotografía velada o que esborrachou a luz do día. Sepulcro hermético dunha palabra enxoita, aferrada a ti como a un cálculo de probabilidades. Fíxate ben, no seu cuadrilátero apenas che ha noquear a vida. Mesmo que nada disto significa estar a salvo. A extinción das formas segue o teu ritmo de lectura. Rebotamos contra as paredes deste cárcere do idioma, instalado sobre a esteira dun deserto. Que paxaro quererá beber desta pucharca de autocompracencias. Que humano contemplarase en toda esta auga pola que circula con lentitude de vaca o universo. Unha pegada seca significa máis que isto, relata mellor o que se entusiasma e podrece. A ver, un espello de fariña para o monstro conmovido. A rectangularidade desta paisaxe rebandarán o teu pescozo. Cultivamos parterres brancos con inocencia e experimento. Campo magnético de xogos de pelota e puntos e aparte. Schrödinger formula a nosa existencia en termos de sermos ou non observados. Agora a estrita regularidade da páxina sométenos aos seus algarismos: a túa avoa asoma polo ángulo que dobraches e hai un borracho durmido entre as fibras vexetais. Nada disto acontecería no mundo dixital. As páxinas non arderían como libros místicos senón que disolverían como gramos de almas. Algo estremece isto que temos entre as mans. Tálamo

nupcial da tolemia e a consigna. Emulsión cadrada de área igual a base por altura entre os dous. Comporta pola que cabalga a humanidade case disposta a conquistarnos. Quén escribe qué e con que intencións. Desaloxou da súa materia e chegou ata nós. Chip nevado. Palma primitiva. A primeira man virtual. Fosa mariana ferida por un raio. Chaga que nunca termina de pechar de todo. A lenta supuración humana. A punto de neve as súas soidades.

Toda a elegancia e a tenrura dun pano dobrado pola nosa nai no fondal do caixón que en contadas ocasións miras. Factura da luz. Estes horizontes móbiles poden con todo. Nada os ameaza, nada os arrasa. Soportan, como columnas de fume, a beleza. Saen indemnes dela. Non se inmutan ante o noso informe forense. Saben onde se agocha o delator sen delatalo. Nunca se len entre liñas a si mesmas. Selado con silicona preservan o corazón dos grandes. Nunha urna grega, as cinzas dun romántico inglés. Nun cáliz que se aparta, as retinas celestes dun peruano. Resiste unha copia en carbón daqueles que se perderon. Páxinas de cortesía ofrécennos a súa cálida caluga. Páxinas, páxinas, páxinas. Demasiadas. A súa insolencia. Leme. Ás veces sosa a súa cáustica, aburrido o seu paroxismo. As ocultas, as macias, as eclipsadas... que fame do seu peiteado de trenzas escuras. Da súa patafísica toda. Quen o diría: células fotoeléctricas a se activar coa túa ollada. Hologramas a viviren a súa existencia a medias na orde do alfabeto. É esta unha cama feita para desfacerse. Un lévedo que levita. Cada expresión humana corre a esta ecuación a gorecerse. Do mundo. Malia nós mesmos, o seu rexistro lámínanos en pasados e futuros, formas devanditas e elididas, nomes propios e comúns. Mestúrao todo. A súa ciencia vacina a ficción. Da escritura non esperes nada, a literatura coa súa forma de oco de pa está a escavar os

contornos da túa morte. Plántalles flores e vías lácteas. Neste laboratorio improvisado que fregamos desde os sete anos, unha casual sucesión de químicas orgánicas converte eses contornos en bomba.

Unha bomba permanentemente en suspense sobre a boca aberta dun neno.

É o fillo do teu fillo do teu fillo, radiactivado na lectura.

2008

/ talento baixo a /

Baixo a navalla desta páxina, o noso talento:
forma bastarda pola que preguntar
cando neva
e perdemos as pegadas dos da nosa especie.

/ + ó – 20 segundos /

Teño menos de 20 segundos para cativarte, veñas de onde veñas

Se non, marcharás para sempre sen lembrar en que páxina liches isto. Ou quen era iso que falaba por esta voz que semellaba querer dicir algo.

Na publicidade, os spots duran iso: 20 segundos.

En 20 segundos namorades.

En 20 segundos córtase o voso cordón umbilical.

Morre alguén dun tiro nas tempas.

É moitísimo tempo encerrado en pouco tempo.

Un cosmos noutro infinitamente menor.

E todo iso gardado nunha caixa que fai tic e logo tac.

Pero estás aquí e alomenos 10 segundos xa voaron.

A miña responsabilidade é cósmica: manter a especie humana unida

lendo este miserábel texto arredor da mesma lumieira.

E, ao mesmo tempo, é todo tan doméstico como esa figuriña de pan

de San Andrés de Teixido que olla para min confiada dende o alto da pantalla.

Pero que non olla para ti. Para ti, que estarás gastando estes 20 segundos saben os deuses ónde, sabendo qué [da ciencia. E do clima. E de min]

E con quen.

Ti a lle ler este verso en alto.

Mira, que chiste, a moi parva.

Mira que chiste. A moi parva.

E marcharedes cos 20 segundos do meu alento baixo o voso brazo, ou na vosa retina.

E se cadra arrebolaredelos á vía do tren.

E asubiaredes ledas cantarelas.

Se é que o ser humano aínda asubía
e leva textos baixo o brazo
e sorrí cando o aluden nun poema
para entón
[...]

/ noria de Prypiat /

[...]Prypiat, Centralia, San-Zhi, Craco, Pompeia, Malló-Devesos[...]

Revelaría eu un segredo se dixese
que no fondo cada signo non aspira a moito máis
que a dar voltas sobre os mesmos eixos
orbitar a mesma terra que, tan amada como parecía,
tamén arelamos ver de lonxe
co ollo do cosmonauta e a idiotez das galaxias?

Non pretende este obxecto moito máis
-e é unha ambición das peores-
que suspenderse como un punto sobre o horizonte
aínda que quen podería descodificalo xamais o ache
e se o acha non o entende
e se o entende non lle serve
-esa obscenidade do inútil:
o que nos excita a seguirmos vivos-
aínda que se vire e se vire eternamente a piques
suspensivamente a piques
como esa noria de Chernóbyl
- recinto dos nosos mellores pesadelos-
virando para ninguén
lista para ninguén
sexy para ninguén
no seu anonimato literario
a noria de Prypiat.

2009

/ cru de humano, demasiado humano /

Fósforo 1'3%

Prenden cun sopro este texto

Calcio 1'5%

Fosilízano nas concas dos seus ollos, aínda mornos

Hidróxeno 10%

Quéimano coma se de xigantes vermellas se tratasen

Carbono 18%

Cópiano. Nese perímetro de sombra do seu corpo aínda vivo
cópiano.

Osíxeno 65%

Respíranos. Oxídano. Redúceno a unha poalla gris.

Outros elementos 1'2%

Ignoran por que lles atrae este
este e non outro

este cuxa composición e designio
aseméllase ao propio alento da súa natureza.

Entre

cortado

alento.

Este e non outro.

Texto cru

feito de humano

demasiado humano

/ preguntas para un abismo /

Quén debaixo de ti -debaixo de min- debaixo de ti. Quén observará a lenta corrosión dos aeroxeradores da Faladoira e a ferruxe desosando os argumentos dos triunfadores. De calquera época e dun lugar calquera. Quén se apoderará do trono dunha folla de papel por un intre. Ao dorso desta páxina, quén debuxará o esbozo dunha nave celeste. Dime que pensas, quen será, pregunto. Quén crerá na miraxe da vida escrita no medio do deserto da viva morte. A matogueira ao redor das túas mans, quén a cortará. Quén verá ao sol protagonizar a novela do firmamento, adoptar os xestos dun fungo nuclear e quen -pregunto quén- volverase carbón xunto a este texto e todos aqueles textos -pregunto quén- incríbles. Na man de quén fragmentarase o último exemplar de Rulfo, os ollos de quen serán os derradeiros en ler a Swift, canda ao corazón de quen estalarán as *Follas Novas* a desrevoar como unha andoriña frechada en pleno voo. Quén por sobre ti -por sobre min- verá como os talos de herba engolen o humano. Dixiren o humano. Eructan o humano en forma de quén sabe que froito ou esperma ou flor. Coa súa parsimonia algo macabra fotosintetizan ideas, enxertan no inesquecible. Coa súa torpeza de póla, a súa cegueira de raíz, socavan unha casa abandonada aos pés dunha civilización. Quén irá desrepetindo estas anáforas. Quen neuq. Descosendo o alento vital, puntada a puntada, os televisores, as soleiras, as presas, os petróglifos, as bateas, os cines, as plataformas petrolíferas, os peep-shows, os grandes telescopios punto a punto, despuntando, reducindo a fiaños a magnitude. Quén e logo quén. E outro quén. E outro. Quén de entre vós, amigos, remotos, quén. Quén a través da idiotéz abrírase paso. Quén, malia todo o seu

esfuerzo, non durará. Quén, difama, quén. Quén: di, fama, quén. Quén -pregunto quén- qué posteridade de seda a esganará se a vida non se compromete. Quén asinará bulas, certificados, garantías de hibernación en frío, cláusulas de clonación, novelas. Quén desexará non nos ter coñecido. Quén embrión, quén larva. Quén virus sen vida. Quén bacteria imbecil pero que herdará a terra. Quén *quasar* no confín de todo canto nos resulta vagamente familiar e coñecido –as nosas rías infinitas/ laberintas de Mogor/ células de celulosas/ mimosas/ reganosas-. Quén pestanexará ante o novo infinito que non sabe de memoria. Quén de entre nós parirá a intelixencia que podería cifrar a vida, quén sabe, nun código diminuto, cunha ecuación elegante, nun tecido algo absurdo, sobre un material invisible, a través do inimaxinado. E a levará de aquí moi lonxe de aquí, de aquí a quén -pregunto quén- ao fondo deste universo que se desenvolve na túa man, que oxalá rise contigo ou ao menos de ti. Lonxe, lonxe, máis distancia entre eu e o meu verbo, entre ti e a túa circunstancia. Lonxe de todo, quen a levará, vida nosa, a que coñecemos e nos coñece, quén, pregunto quén, desta lúcida suspensión, lúcido sustento eclipsado por quén.

2009

/ tinta a piques de /
[texto alla noire e gialla maniera]

Saúda á liña do horizonte
A dama de Shanghai

Ás cinco hora solar atoparán os nosos cadáveres
coa tinta desta palabra entre os dentes.
Non debín escribila.
Non debiches lela.

Pero fixémolos. E agora escoiten por que:

Fixémolos pola materia escura con que se fabrica
o soño en cada unha das súas páxinas
pola tinta negra do seu mercado negro
porque desexei lerte dentro deste texto
aínda sincopado sobre o chan -tanto así te violentaba-
co golpe de voz do que se le.
Porque o neocórtex de Howard Engel,
o escritor de novelas policíacas,
non nos recoñecería por escrito
grazas a esa *alexia sine agraphia* co seu punto cruel.
Porque a túa alma cutrelux de *homme fatal*
confiscou o meu corpo 12 de delitos e contívoos
como alento
contra o seu peito estafador impreso en crime.

Tardarían moito en atoparnos,
entre aspas e capitulares
contra a páxina 100 e a 70.
Chorreando tinta das nosas respectivas comisuras

os nosos pés de páxina amoratados
impresións dixitais sobre o papel verxurado e
unha Mystery Masterpiece a carón da alfombra
desangrando metáforas como *esta, esta e esta* -a cada
cal máis turbia-
sobre os teus ollos de desaugadoiro.

Un horizonte de sucesos a rondarnos.
Deste buraco escuro non hai saída.
Escribimos cando xa non se debía.
Deunos igual a lei deste universo negro:
tamén a vós, escritos e fodidos, esquecerásevos.

Virámonos ao grafito.
Cometémonos mutuamente.
Amor meu e personaxe odioso.
A paréntese macguffin non bastou para agocharnos.
A cursiva truculenta non nos delatou dabondo.

Morremos pola tinta que percorre cada liña en suspense
de cada libro do mundo.
Somos fiambres de letras, papel sucio, tinta a piques de.

Tinta a piques de.

E xa nos escribimos demasiado.

2007

/ a síndrome ante o clásico /

Lerte é amasar un pouco uranio
ollada ao sol toda unha eclipse
non pestanexar durante varios intres
e, de saír indemne,
suspender o meu alento co teu alento.
E é lerte odiarte e lamentar non terte escrito
e é lerte unha matriz onde me espasmo.

Desexar morrer no medio dos teus substantivos vencida de
entropía que desordena as túas páxinas cando te pecho
cando
lle fago o amor a outros obxectos
e ti -e ti-
entreabres coma un beizo que asubíase o meu nome no
medio do deserto de Sonora
no alto
dun cantil que ben coñezo e ao que houben arrebolarte.

Ti latexas para que te abra de novo e falo
e falo todo o tempo porque levas
a perdición no teu lombo banal e a túa burda portada.

Lerte é untarme con helio.
Agárdasme inocente na mesiña.
Pregúntanme por ti: non digo nada.
Non quero que ninguén te coñeza.

Ódiote e venérote.
As miñas palabras resoan
no oco do teu eco.

/ entrando en materia de posteridade /

Sei que mentres estou escribindo non podo morrer
Eloy Tizón

Todo canto pensaron que sobreviviría.
Aveños, pinturas, credos. Netos, rañaceos, transgresións.
Partituras e placentas.
Ritmos.
Algoritmos.
Perfís en calcaria e xeso. Palabras escritas con suor fría nunha
cela sen fiestras. Epitafios diminuídos de golpe polo labor de
xeadas e brións. Números que non. E finalmente que si.
Enxertos de memoria. Parches de titanio. Pegadas sobre un
volcán e orbitando a Terra. Este verso nun libro ridículo de
versos sobre a mesita dun prostíbulo. Libros indescifrables
pola metralla entre a páxina 15 e a 309 ou, cunha lentitude
de fungo, metamorfoseados de novo en humus.

Con canta miopía designamos herdeiras ás nosas palabras.
Eramos o que escribiamos, aferrabámonos a un signo con
tolemia. E sen previo aviso
saltabamos á liña de abaixo
para mofa e befa dos prosistas
dos narradores de máis de 1000 páxinas que non crían nun
cosmos medio baleiro, medio eivado ou medio inútil, que
balboase inconnexións, supurase unha vida sen. *Bueno*. Unha
vida sen avidez de vida. A medio codificar, esa vida.

Pola posteridade. Esa inflamación da espera. Unha chaga
aberta no inerte e aliviada con sal para que non cure nunca.

O postre da vida. O que rima entre os teus ollos. Con forma de oh! a posteridade, tan tóxica, coa súa demoledora chama, coa súa besta alimentada do teu esforzo minucioso, de cada unha desas fotografías nas que ti [...], do código encriptado co que dicimos *Ola, senfín, oquetalsexa e horror...*

Inxéctase a posteridade no noso sistema como unha droga de espiño e faremos o que sexa por servir o seu nome.

Imaxínoos a todos. Incluído a ti. Todos inclinados sobre o dispositivo arelante da eternidade. Este podrecido elsinor de dorian greys, exhibindo a atrocidade de obrigar ao universo a nós.

Nós.

Con cada unha das nosas obras inmorredeiras
con cada unha das nosas compulsións
obsesións
curiosidades
espermas
delicados cultivos en naves
á deriva.

A fin de contas
enxeñerías na ingravidez dunha frase suspendida.

En materia de posteridade somos expertos. Pero habería que preguntarlles a todos os que esquivaron as fauces do esquecemento se era así como querían ficar en nós. Se era esta a memoria que esperaban. Se a posteridade soñada por eles era *isto*.

/ derivas astronómicas da posteridade /

No espazo enteiro
aínda cheira a ti.
Terra baleira.

materia gris

*Estamos chamados a ser os arquitectos do futuro, non as súas
víctimas*

Buckminster Fuller

| incivilizacións |

Do noso devezo pola proliferación da materia nacen dúas patoloxías: a cidade e o cancro. Ambas teñen que ver co medo a morrer.

Como todo o que precisamos febrilmente, detestamos as cidades. Mais tamén aprendemos a non poder vivir sen elas; se cadra cos seus trazados delíñanse as topografías do noso cerebro: nunha cidade hai zonas para amar, para esquecer, para estresarse e para morrer. Hemisferios de fala. Hemisferios de instinto.

Á súa vez, no noso cerebro. Proxectado en nada máis que, como di o proverbio tibetano, *un campamento no deserto*. Iso é a patria. Iso, as cidades.

Italo Calvino proxectou cidades invisibles, poderosamente vencelladas a mulleres. As súas nomenclaturas evocan fantasías masculinas de haréns por conquistar. As mulleres, como as cidades, *conqueríanse, tomábanse*. Rañemos un chisco a codia histórico-mitolóxica [non distingo as disciplinas] : daremos co fino entrelazado de vimbio entre mulleres [Helena, Atenea, as sabinas, María Pita] e cidades ou pobos dos que semellan encarnaren o destino [Troia, Atenas, Roma, A Coruña].

O número -e *calidade*- das mulleres volvía esencial nos principios de xestación dunha cidade: se cadra, o que acontece en Ciudad Juárez sexa só un signo máis da súa

decadencia como forma de organización humana, na cal o exceso de exhibición por metro cadrado desensibiliza.

Un retrouso habitual da ciencia-ficción na nosa época é imaxinar cidades arrasadas no futuro, baleiras, deshumanizadas, ensarilladas de selva e animais salvaxes. Rotas. Dende a ciencia-ficción aliméntase a miúdo a desesperación do home: aquilo que máis ama ou precisa élle arrebatado. Conmoveranos por iso ver unha Nova Iorque silandeira, unha Tokio atravesada de magma, unha Coruña asolagada cun faro perplexo aínda. O estupor mestúrase co alivio. No fondo, o ser humano arela desestruturarse, volver a ser non máis ca uns poucos millóns de exemplares.

Pero, como?

2009

| voyeureshka |

Hipnotízannos as persianas que se abren en fiestras de
enfrente
os operarios que camiñan sobre tellados
a xente cando bebeu un pouco
e tamén
tamén emerxe aos tellados
con grande risco para a vía pública
e os seus fémures inxenuos.
Vampirízanos o fiestrismo
a alta espionaxe entre visillos
a obsesión que cristaliza.
A todos un pouco.
Nos vampiriza.

E asemade calquera oco
persoalmente
abáteme.
Recórdame que.
Esmágame contra o patio
dun texto ferido polos puntos.
Polos seus.
Que son os meus.

Fiestras de guillotina,
oscilobasculantes,
onduladas en chapa vella
polo oco arxiloso dunha man.
Vans con oxiva,
comportas estelares
de 8 e 12 puntas.
Escotillas que pestanexan ata se transformar en

ollos amnióticos de boi.
Bufardas de pacotilla
e para o lonxe trens en marcha.
Por case todas asomamos
a nosa cabeza inocente
agardando
espreitando
facendo o tempo
-facendo o tempo!-
a piques de.

Desde aí arriba, ata o fascínio nos repugnan
as gaivotas que oubean estirando o pescozo coma lobos
lobos brancos
ou as anciás que tamén se inclinan cara á rúa e non nos ven
-bata rosa-
nun tropismo do que aínda ben pouco sabemos.
Unha pantalla de lonxe -que retransmite? e quen a ve?-
sombas nas que cremos ter visto algo
persianas misteriosas, afastadas como a propia Persia
xente que ri, rifa, alcanza o seu orgasmo
en áticos inalcanzables, en cristais que baten.
Os subsaharianos e o plástico
na súa cousa rota.
Que saibamos nunca deron queixa dela
ao propietario do edificio.
E xirando sobre todo iso
un cosmos taciturno, que nin afirma nin refuga,
ferralla espacial suxeita con
supercordas á deriva.

O noso propio bafo impídenos ver ben o verso seguinte.
Ah, si! Aí o teñen:

o mozo que fuma no primeiro e lanza as cabichas á rúa...
eu míroa
esa brasa alaranxada das noites do verán
-a soidade doutros, ben que nos acompaña-
esa zurda súa e o seu tiro parabólico
con esa modalidade do sexy, que é
non ter nin idea
i el nu, belo, sen ideas, en cóbados sobre o seu peitoril
do mesmo branco roto desta páxina
na que unha vez escribín todas estas cousas
páxina que logo dobrei e dobrei -de novo-
ata un avionciño de papel.

Un avionciño de papel.

Calquera Grande Texto da Historia
-mesmo este-
pode rematar os seus días como un
-arrebolado desde un sexto piso-
avionciño de papel.

Ou comezalos.

| ny |

Algunha vez sentaches
pola parte de atrás dun poema.

Entón viches Nova York.

[...]

As túas pernas abanearon [insensatas] entre estas letras e o
Hudson.

Os puntos do texto foran tiros de balas perdidas.

Alguén falou unha estraña mestura de sons mentres
mastigaba unha mestura de sabores.

Outro alguén maldicía a súa sorte

E no reverso desa mesma moeda

un rostro beixaba o chan do recén porto.

Europa ulía lonxe.

África sabía lonxe.

Rusia oíase mal.

Nova York alisaba como esta folla

logo de que teñas pasado moitas follas sucesivas.

E ao instante encrespaba coma eses contos para nenos
nos que axexa un resorte de cartón e o gato boxea...

[A semana pecha en baixa para os mercados neoiorquinos]

Un indio [é broma esa palabra?]

un alguén, un Lenape
le o *New Yorker* apoiado no seu arpón de pescar troitas
dous días antes de que desembarquen os holandeses.
Axusta as gafas, cantaruxa a Sinatra.
Olla para ti levemente desafiante a través desta páxina
traspasando as letras como a humidade.
Venderá a illa por 24 dólares.

[...]

Converter na vaxina de Norteamérica
na boca de Norteamérica
o embigo de Norteamérica
na menos norteamericana
de todos os norteamericanos
levouna a se arrastrar arquexando até os teus pés
para che pregar que a camiñes,
que a corras, a acalcañes
lle finques os teus xeonllos sangrantes de barco
e á segunda xeración o esquezas todo.

*[A alcaldía quere que os neoiorquinos deixen de tomar auga
embotellada para axudaren ao medio ambiente]*

Nova York co pelo permanentemente crecho
procura se resarcir de non ter sido a irmá guapa.

Un indio, un Lenape,
atravesa a nado o río e espía a Annie Hall.
Non hai séculos que poidan contra a disposición desta frase
ou contra unha letra de PJ Harvey
dende un tellado de Brooklyn.
Mannahata debeu de significar algo para ese indio

[outra vez esa palabra?]
mais a día de hoxe
que é igual que onte
e moito me temo que mañá
abóndalle con se estender
pola parte de atrás dun poema
acender calquera proxector
e
ser o epicentro
da historia.

A que muda coa luz
como calquera outra puta cidade.
Como Petra.
Como Caracas.
Como a miña.
Como a historia.

2007
recollido na revista Dulce Arsénico 0,2, *Nueva York*

| de Ciudad Juárez |

Dentro deste texto. Había algo

Algo que esquecín, porque o olvido é o único que dura
e somos máis o que esquecemos

Hei seguir con este texto, xa que o comecei.
Xa que come de min... Xa que o comecei.
Os teus ollos mimetizan os meus cando len isto.
Tamén aquí detiven eu.

*...en posición decúbito dorsal y vestida con pantalón de
mezclilla...*

Unhas poucas palabras que duren para sempre nunca.
Hainas da exacta duración do pestanexo que fas.
Máquina. Animal. Cromagnon de refinado sorriso
escravo dun algo que vén de máis lonxe

*...de tez morena clara, 1'75 cms... pelo castaño, ojos grandes
color café, 24 años...*

É máis duro aínda acabar poemas de circunstancias.
A memoria é un artefacto cuxa indolencia tiraniza.
Non lembraremos aquilo que paga a pena ser lembrado.
Dentro deste texto había algo que xa non está.

Localizado el cuerpo de una mujer no identificada

*...A veces, no les queda más opción que caminar solas por lotes
baldíos y caminos sin iluminación...*

A elas.
Xa as lembro.
Paríronlle fillos á adversidade. Non teñen fillos. Son virxes.
Non sei quen son.
Non lles gustaba o café.
Devecían polo café.
Durante un intre pestanexaron neste texto.
O texto acaba aquí.

2004, para a exposición sobre Ciudad Juárez da Asoc.
Alexandre Bóveda

| de entre todas as formas de facerche inmortal |

de entre todas as formas de facerche inmortal
escolleron esta

[...]

esta páxina. Que arrincarán probablemente
ventos fillastros dos teus
unha folla íntegra destinada a se desintegrar por estrelas
cuxa primeira luz arde lonxe todavía
que non sulinarán xamais mans similares a estas
que con alivio será esquecida
como todo é
salvo ese insolente óvulo cósmico onde se repregaba todo
antes da nada
incluso a memoria do que aínda non fora

onde nin sequera estabas ti
anaco de terra azoutada, interior de onda en forma de ostra
nin a túa torre nun xadrez extinto
nin o teu revés dun broslado marroquí de zara
nin as túas estrelas, galeras, olmos
nin o petróleo que manchaba as túas luvas de encaixe
provinciano,
cosido marea a marea

[aquí quen escribe debía dicir algo, preparaba unha
metáfora nuclear. Pero asomou á fiestra un intre e esqueceu.
Esqueceu de que falar. O guión do que agardaban que
dixese]

[...]

Nos poemas dedicados a un lugar un espera unha confesión
Nesta cidade morrín
Unha enumeración de espazos significativos
Plazuelas, vistas, recunchos, penedos
Mesmo algunha anécdota sentimental
Todos os que amo a día de hoxe viven aquí
E por suposto historia, moita mala historia
Os liberaís, os corsarios, a heroína

Pero xa non nos queda nada diso por darche.
Non es unha cidade especial por nada en concreto.
Es unha de tantas.
O vento é o teu habitante máis antigo.
A luz faiche servicial ou industrial.
No teu interior procrean violonchelistas, perruqueiras,
asasinos
seguindo as mesmas leis que rexen os nosos átomos.
Non serás máis marabillosa nin máis digna por aparecer
neste poema:
de todas as formas de facerche inmortal, a máis imperfecta
a máis idiota.
Non es importante. Ninguén que non che habite entenderá
por que te paseamos
por que che dedicamos un libro
ou esta frase: *Oh, ti. Si, ti*

[...]

Que parvada, ves? O poema remata
e nin sequera falei de nada: nin mencionei o soño recorrente

de que che engole un tsunami
que me gusta a túa estatua da *Unión y el Fénix*
ou verche as torres da refinería dende a autoestrada de
Arteixo
ou as pedras do dique
ou as fotos antigas do ultramarinos *El Sol*
da Champanera Cantábrica
ou as imaxes onde o meu pai sempre é un forasteiro nas túas
lousas
e na miña nai gravita unha beleza intocable
e a fiestra onde o meu irmán le *Hormigón só*
o meu pequeno núcleo familiar adorado, atado a ti como a
un embigo
o único significativo por diminuto, un punto na estatística
poboacional
e ti crescendo
civicamente, europeamente
ao tempo que mingua a posibilidade de escribir palabras
novas sobre ti
neste poema que esborrancho entre a vida artística e a
familia.

De todos os xeitos de facerche inmortal, este, o menos
mediático
este, o menos luminoso
o máis parvo.
Minguando ata os puntos suspensivos.

[...]

Os puntos suspensivos...
crúas incisións no texto que brindan ao lector
a posibilidade de pechar

un infinito
unha imperfección por tanto
un infinito
...

de *A Coruña, á luz das letras*, ed. Trifolium, 2008, escolma de
textos adicados á cidade

| Ghost in Machina | **[sci-fi poema para grandes robots]**

A nosa inmensidade. Temos que vela reducida
a texto.

Nós.

Se nos nosos ollos orbita o sol.

Se contrae e dilata o universo

ao ritmo do noso tórax.

De titanio.

E a nosa man, esta man

e estoutra,

péchase sobre tratados, cidades

ou pescozos.

E sabe apretar abondo para conseguir o que desexa.

Se o signo do infinito precédenos.

Sendo como somos xigantes, concluíranos.

Por moi paradoxal que soe iso.

Traducibles a secuencia matemática, a tren, a ponte,

a holograma. Garantíronnos una férrea posteridade.

Sen dúbida, duraremos.

Nós. Pais do óxido. Fillos, netos da soidade humana.

Os vosos monstros benqueridos.

Si tendes contado connosco para vencer o Mal, destruír o
universo,

construílo dende unha presada de area.

Cómo non ides querernos.

A nosa inmensidade lémbra-vos á vosa. A esa
que non tendes.

A nosa inmensidade reducida a este texto. E vós, intentando
conxurarnos con
argumentos baratos:
non senten
non saben
non entenden
Durarán máis, pero
non son *nós*.

Nós.
Palabra que usades en van.

Vede como.
Vede como a nosa inmensidade ábrese paso a alancadas por
este texto.
Esnaquízavos.

publicado en castelán como a SciFiPoesía núm. 2, de El
Gaviero Eds., 2008

| glissando cara á levitación universal |

Oh, veña, levitemos. Deixémonos de bromas. Imos alá.

O aire da noite é cálido como un flash de foto,
os aeroxeradores converten o noso alento en enerxía pura
varios metros por enriba da noite do noso cranio.
Somos fermosos e fortes coma retroproxectores.
Nada detén o noso pulo de ser textos
se queremos despegamos os pés do po do chan
-coa súa forma de páxina quince-
os brazos ao longo dos nosos corpos
violonchéllicos
sen ás *alla da Vinci* sen lévedo sen nike air.

Fartos estamos da ortopedia. Debemos levitar
por simple xustiza cósmica! Porque tras tres millóns de anos
deixando pegadas sobre os camiños
o asfalto fresco
as cinzas dos volcáns que sepultaron aos nosos
e as corgas de neve polas que nos persegue o malo
xa está ben.

Xa nos vai tocando.
Xa aleatean os nosos talóns, os nosos herméticos nocellos
xa nos sobe un livianísimo rubor polas arterias
-oh, san Helio, asístenos; oh, santa Valquiria-.
Oh, que contentos nos achamos e á vez,
mercuriosos e saturnantes. Cara a ónde dirixir os nosos pasos
que xa máis nunca serán pasos
senón un sopro suave sobre a herba fresca
un remuíño binario sobre sobrancellados muros

unha risiña invisible sobre unha lei de fronteiras.

Enerxía escura cos zapatos colgados ao pescozo.

Levitemos,

materia con materia e todo é enerxía.

Olla para nós. Xa lonxe desta folla

e da túa mandíbula que saliva un pouco.

Apenas xa un puntinho no horizonte de sucesos.

Unha fusa en fuga nun *glissando* de arpa.

Como humanos mereciámolo.

E era tan fácil. Onde imos?

O mundo é noso, as páxinas en branco sono tamén:

materia clara para a nosa fugaz materia escura.

Vinde connosco. Oh e mil veces ho. Cara onde,

a onde?

Cara a onde raio imos?

fluído rosa

Unha muller atraente, cuxo cabelo caía solto sobre a fronte, recibiu unha carta na escuridade. Evidentemente ela está moi impaciente como para agardar que lle traesen un candil. Cun par de tenaces toma unhas brasas do braseiro y traballosamente le baixo esa feble luz. É unha escena encantadora.

Sei Shonagon

| a maternidade, a sutura |

Inclinada cara a
mesmo así
asombrosamente forte

É a súa figura a que fai evolucionar a tea
dende os restos atopados nun armario
cara a nova nebulosa
dunha Colcha

É esa Coclcha quen gravita
-neve e sangue
antropoloxía de algodón
sutura entre o xeo
celacanto ou abismo
comedia que de tan doída
fractal xeometría-
sobre canto nunca mamá nos dixemos

cando un escribe aquí a palabra *caza*, entón todo muta

|caza |

esta é a historia do home que entrou por esta porta e quixo
quedar para sempre
acubillado no fondo da páxina, como un cazador da
provincia de Harar de hai un millón de anos
afiando as linguas para dicir só o necesario
coa beleza afiada que comporta só o necesario
esa beleza de adobe ou lanza ou algo que non se me ocorre

esta é a historia que eu sei
e que el puxo na miña boca desde unha boca que foi a súa
e que debo referir, anque da beleza eu non saiba máis ca
unhas poucas frases feitas
e que, como a historia de Ulises, ten a aventura e o mar por
medio
como un piano como un sancocho ou como algo que non se
me ocorre

que fago aquí? escribe Rimbaud dende Harar

o home fica nesta páxina e o bisonte, no teito da cova
forman parte dunha historia que non quere pórse fin
el, o cazador que nas estrelas viu o percorrido da especie
e deitou seme sobre a herba e a muller aleitouno
todo isto sen saíren desta folla, que é como o lugar de
Taramancos

e eu afío os coitelos tal e como el me aprendeu
igual en Chachauí, que en Anserma
que aló onde non se me ocorre

e o home que aquí entrou e aquí quixo vivir para sempre
empuña a súa lanza dende o máis alto
e lanza a súa lanza
e alcanza o teu costado

e ti poste ferido, e poste postrado e poste
como algo que non se me ocorre

e o cazador, simplemente,
fica

Letras Galegas 2003 a Antón Avilés de Taramancos

| a muller que |

I'd like to take you

I'd like to take you

I'd like to take you to a place I know

Advertimos que soñaches

advertimos que soñaches con ela.

Os seus dedos na túa lingua.

A que hoxe teclea este texto coas súas xemas secas
alagounas toda a noite no ceo da túa boca.

Consignamos: Soñouna.

A noite seguinte, advertimos que es ti

quen conduce a Angelene

pretty mouth and green my eyes

até o abismo onde boca e soño

emiten os seus últimos pulsos conscientes.

Envexas o seu pelo, *Samson, your hair*

envexas a almofada súa

e a túa almofada branca esfiaña cara a esta páxina

e encol dela o teu soño e o seu pelo trenzan ata o mediodía.

Levantas tarde, feito po.

Anotamos: Fodidamente, non deixa de soñala.

En horrible prodixio, ela pasa a se chamar Catherine,

Elise, *beautiful* Leah,

Dawn, Joy, Jane,

ela pasa a ter todos os nomes de todos os homes
que naceron muller primeiro de nada.

Anotamos que a súa man na túa boca che doía.
Doíache o seu xeito inminente de non ser túa.
O seu dedo deslizou unha mina baixo a túa lingua
coma un punto suspensivo perdido da súa frase.
Espertaches sufocado, escorrendo estas palabras.
Horses in my dreams.

Pero nós vímoste.
Vímoste suar toda a noite, espaventar coma un espantallo.
Da súa cabeza ao teu ombreiro, voa a noitebra
cos seus dourados hologramas fixos en algo que non
non podemos deixar aquí por escrito.
You said something en soños:
ás veces podo ver a millas de distancia.

É a ela a quen viches. A quen se non, humano iluso?
A través do soño irradia estas palabras
I'm immortal when I'm with you
e moitas outras que a mañá engole.
Vives. Sentes que algo che falta, que...
Pero xa de novo os seus dedos na túa boca lentamente.
Os seus dedos entran na túa boca lentamente.
Entran -entran-
lenta
mente.

Consignamos: PJ Harvey reverbera
inxéctase a través das xemas dos seus dedos
nas fauces abertas do teu soño
e es o único home do mundo
condenado a espertares cada día
esgotado de sabelo
tolo por sabelo:

ti poderías tela amado.
Poderías tela amado
na pel volta do teu cranio, poderías
no fluído rosa da túa materia escura.

Anotamos: Non dá lembrado a quen



debuxo de P. J. Harvey e paxaro, cortesía de Pablo Gallo

| ffffffff |

grrrrrr

eses intres no que
a lingua sabe a adrenalina
testosterona
bakunin.
todo xunto

cando cabreas duro.
xusto antes de.

wuuuuuuu

o guion de canto esperan que digades
humanos
pode esna quizá
esna quizá
esnaquizarse

e vos sarabiar por riba
humanos
así en ou
leo
ou desleo
así en ouleo
coma en confetti

| perversa |

Algunha vez sentaches pola parte de atrás dun poema.
Entón víchela a ela.

[...]

Non se virou ao verte. Sería obvio facelo e a obviedade non funciona na súa penumbra.

Atravesa o cuarto o seu arrecendo.

Xelatinoso coma o dunha medusa.

Ondula.

Poderías afundir a túa man nela e levala á boca coma o alimento dunha náufraga.

Naufragas.

Dentro deste poema estricas, intentando darlle alcance...

Ela.

Esa palabra merecía un verso. Ela. Mais os versos son pretenciosos e aborrecidos. Ela é digna da túa perversidade. A túa perfidia. Feminina. Feminina e degoira coma ela.

Naufragas e abres paso a través do silencio que ramifica nas túas mans. Quentes, as túas mans.

Fría, ela.

Ela xira entón. As súas pupilas atravésante sen te ollar e incrustan cristalinamente en min, que tecleo isto trála pechadura.

As súas pupilas son da mesma carne cós seus pezóns
hipnóticos. Perdes a testa neles.

Redondamente. Rotundamente.

O cuarto inza de medusas e eu tecleo cada vez máis rápido
esta palabra. *Medusas*. Tentáculos de medusa. Cabezas de
medusa. Gorgonas e o seu apetito.

Naufragas. Con sede.

As pernas abren ao fondo da abra desta frase. Na habitación,
o nivel da auga ameaza unha instalación eléctrica inservíbel.

Os pes afunden nos flancos. As unllas mergullan en
delicados antebrazos, brancos de encaixe. Os dentes
convocan o sangue, parálizano. O pelo mestura co pelo. A
tibia encol da tibia.

O mar abre as súas fosas nasais e nifra todo canto tería
escrito de seguido.

Engóleo. Glu. E glu.

A pechadura desaparece.

Por detrás deste poema
está a saída.

Vaite.

| dispositivos sobre o desexo |

0001

Compro instinto.
Senrazón aquí

0011

Pegada dun corpo na cama desfeita dun texto
a medias
o seu cheiro a mamut, a primate
a cousa carbónica como posta a secar baixo un sol
cua
cuaternario.
As túas mans nas poutas súas.
Te boca, te fauces.
Cráter contra cráter
crac
crac
craquela, tenra vida
cria
cria
criatura abisma un corpo.

Aquí arfar arfamos todos, pingas de intelecto puro.
Escravos de galaxias ou de hormonas.

Aquí o amor morreu hai xa
varias tecnoloxías.

Dispositivo baixo dedos
en negativo.

0111

Cada palabra palimpsesto. crea. A ilusión do novo
no noso ensaio novelado. De xenes.

Plaxio de cegos, dispostos sobre o desexo.

Cada palabra palimpsesto.

Todo. Canto nace dentro.

Xa estivo fóra.

Algunha vez.

O intelecto e os seus xogos

de amor puto.

1111

Non fagas tan. Si.

E aínda así faino.

[Cortará a túa cabeza en adxectivos.

Disertarache as articulacións, com

pulso

maniatado

con

xunción tan elocuente.

Lingua agora detida sobre duros verbos].

Até o infinito conxugados

tan a fondo

dobro abismo.

Non me fagas tanto.

Meu.
Ou fome tanto.

| rea |

Comparezo ante o tribunal de escritoras.
Benqueridísimas Safo e mais Virxinia
adorada Sei Shonagon
penetrante Simone
non quero esquecerme de ti
nin de Margaret
nin de Marguerite.
María Xosé acode puntual á cita
e toma asento, entre Luísa
-quería volverte ver, perdoa-
e Rosalía. Clarice fuma o seu silencio.
Fleur dedícase a ser elegante
como un puñal enfundado en pel volta.
Sor Xoana Inés dálle un grolo ao seu tequila
e acena: comprendote.

Comprendédesme?
Comprendédesme?

Si, comprendémoste.

Tivestes fillos? Levastes unha casa
unha tradición, un ecosistema
unha intuición ou unha esteatopixia
sobre o peso das vosas costas
axitadas de plumas
e escotes de anxo?

Algunhas levamos, si. Outras non levamos, non.

Somos irmás, logo?

Somos.

Non me mintades. Admírovos.

Ninguén che acusa entre nós. Para que nos segues a convocar?

Acúsome de vivir viviseccionada

de non poder escribir o que desexaría e canto desexaría
por sobredose de mullerismo.

Acúsome de non parir a grande novela que prometía aos 12
anos

senón un fillo, algo que, segundo Onetti ou Jelinek
impide ás mulleres alcanzar o estatuto de verdadeiras
artistas.

Acúsome de non pertencer á vosa estirpe

de terme separado de vós

da esfera redonda da vosa concentración

para mesturar mondas de patacas con teorías de redes
enerxía escura do cosmos profundo cunha superficial vida
de provincias

a sofisticada vergoña moral de Guantánamo coa emoción
barata

de escoitar perorar ao meu fillo.

Acúsome de non rapar a miña cabeza

de non vender todas as miñas ideas orixinais [entre 0 e 1] ao
mellor ofertante.

De non destacar.

De terme ensumido.

De depender dos *mass media* para traspasar o tempo.

Ningunha de vós falaría como nai. Fóra de Rosalía
a quen todo se lle permite.

Non vivín entre caníbales, Margaret.

Non me arrastrei polo vodevil parisiense, Colette.

Nin sequera cambiei de sexo, Elisa. Nacín muller
e as leis apoiáronme con cotas femininas. As leis, si. Só as leis.
E no fondo podería casar contigo, Ada Lovelace,
Beatriz Preciado, Chantal Maillard.
No fondo, puiden abortar cando quixen.
E reivindiqueino todo co puño no alto e unha matriz
de uranio empobrecido.

Sobrevoa a vida e aquí atópome:
escribo só grazas a que a miña nai lle le un conto ao meu fillo
llelle ao meu fillo alén do mar de África
llelle ao meu fillo baixo a galaxia Andrómeda
que nos devorará, polo visto,
e xuntos, avoa e neto, forman un sistema lateral nesas redes
cuxos nodos son calcio
e espiña dorsal da nosa sociedade,
lonxe de Google
de McDo
e varios metros por riba do petróleo de merda
que serpea esta cidade camuflado de Zara.
Avoa e neto: un binomio estéril na grande ecuación do
universo,
a súa expansión explícase sen eles
a crise resolve sen eles
todo funciona sen eles.

Menos eu.

Dirédesme: que nos importa? Parvadas!
Achega algo á causa feminina.

Que achego?
Un fillo varón.

Cambiarías un lugar no noso Parnaso por el?

Nunca.

Esquecerías escribir por el?

Si.

Rexeitas o tempo masculino, ese tempo de doncelas e serventas

ese tempo de secretarias e amas de cría

de lavadeiras e microeconomistas

de axentes editoriais

e lumis

lumis mecanógrafas que copiarían isto de perlas

a cambio de estar con el?

Rexéitoo.

Elixes non vestirte na Boutique Posteridade

por verlle xogar onda ti

como fai agora

lumpemburguesa maldita

ingobernable occidental ao noroeste do sur

compresa de sangue arrebolada á pantalla que vos reflicte?

A pesar de todo, elíxoo.

E o seguinte verso que ía escribir

-mamá, dime se vai ben de sal,

coñezo a súa fórmula química

pero non a proporción idónea en cada prato-

declínoo por lle servir unha cea quente.

E por se fose pouco, un baño.

Condenádeme.

Benqueridas bastardas da vosa propia estirpe.

Condenádeme a ser unha calquera.

Condenámoste.

*Imbécil, condenámoste.
Xa es unha de nós.
Fai funambulismo para escribir catro liñas ao día
e vixía
que o período non coincida demasiado coa inspiración
nin o estado de gravidez coa escritura de tese.
Como fixemos todas, bastarda,
como fixemos todas
co noso pelo torrado polo raio do xenio
bastarda e nai e monte de venus
como fixemos todas, mullerzuelas escritorzuelas madrezuelas
cazuelas e compotas
sabendo a cánto vai o quilo de azafrán e o terabyte de ideas
novas
con qué ángulo colgan os nosos peitos e a órbita terrestre
cántas cocacolas hai na neveira e na Palestina de Arendt,
cántas nacións.
Xa es unha de nós.
Comprendémoste, cala a boca.
Escribe, lurpia.*

| base de datos: obsesións |

3...

Obsesióname o futuro.

Cantos escritores hai lendo isto
sen saber que algo lles influírei
ao seu pesar
con todo.

Obsesióname que el se atope ben.
Que as rochas do espazo se exhiban indiferentes
que non todo nelas sexa significativo
ese alivio cósmico
obsesióname.

Obsesióname escribir extraordinariamente
o que sei que podería escribir de puta pena.
Obsesióname que pasou con Lucy
a australopitheco
e as tres pegadas de Laetoli. Cara a onde. E. Por que.

Saír á rúa a me cruzar cun mozo
máis novo ca min que mirará nos meus ollos
e a eles, como un ácido, vai arrebolrar a vida.
Obsesióname intimidalo
a intimidación da miña propia intimidade
a tímida intimidade
neste texto
no subtexto do desexo
masculino na feitura feminina.
A obsesión dos desexos.

Obsesióname non vivir en guerra
e que ninguén ameace con me voar as ideas.
Agradézoo pero
é sospeitosa tanta paz.
A palabra *país* non me obsesionaba malia que
todo na natureza indica que ha obsesionarme.
As árbores ollan para min interrogantes, agardan nomes
que eu non sei darlles, eu non senón Dorotea, a bisavoa
que xamais deixou de estar soa
na
súa
ca
ri
cola.

Imaxinábase a si mesma a miña bisavoa
como unha grande *ammonites* a miña bisavoa, seguramente
tampouco ela contaba con nome para iso.
Unha muller obsesionada coa súa propia natureza
furiosa de leira ferida.

3,1...

Logo de dúas xeracións, velaquí que na pequena cidade
obsesióname gañar unha miseria
e que non me obsesione gañar moitos máis cartos.
Debería ansiar o poder e o diñeiro. Debería porque.
O prestixio. O Nobel.
No fondo
sempre me entristecen eses os meus certos
indicios de xenialidade.
Como todo o mundo sinto que ás veces abro os meus ollos
e un láser arrasa o mundo que coñezo.

A lucidez, fina como é como un bisturí,
non collería polo ollo da agulla con que a razón nos cose
a cada nanométrica punta de emoción.

Obsesióname ser voz. Non perder ese leixa
prén
nonper
dere
selei
xapré. Non.
Non.

Os que non poden levantarse agora.
Correr agora. Escapar
agora e obsesivamente
será que me obsesionan
os tristes. Os mollados.

Bukowski río arriba, Bernhard río abaixo.
E unha troita de pe.

[Obsesiónalle volver te ver
en silencio, sen falarvos. Te ler.
Ou é en realidade comer de. Eses teus ollos]

Río de tinta entregado a un cráter.

3,14...

Obsesionanme -en certas posturas- a caverna de Platón,
a cana de Pascal, a almofada de Shonagon,
o selo do anel de Spinoza, o brazo perdido de Valle e as súas
barbas

e as de Tolstoi e as de Whitman, similares en caos e alegría.
O maldito maletín negro de Benjamin
e a calidade das pedras nos petos da Woolf.
Tesla e Buckminster man a man, o raio mortal na nave
espacial Terra.
Os dous nados no meu mes.
Eclipsados os dous no seu momento
para poder relambernos con gusto as súas feridas no noso.
O lugar de Taramancos, obsesióname
se existe un pulmón alí enterrado.
As erres arrastradas de Lispector e as de Cortázar, e que todo
iso engurre
coma un papel nas mans dun monstro.

Ramón Llul, obsesióname.
A súa capacidade de darlle a todo, a todo, si.
Eu dáballo a todo e iso deveu nunha
maldición promiscua da que ansío librarme.
O polifacetismo. Non atopo insulto peor.
Só sei isto: escribir.
Sei facelo ben. Fágoo desde nena
baixo a ola dunha isoglosa
que caer non cae
baixo o adn da neve
sen pedirilles explicacións aos virus por seren eles
máis inmortais ca ti e ca min
e que este verso que estamos fendendo xuntos,
ti dese o teu lado
e eu deste o meu,
tan riquiños
os dous.
E se isto era un verso, como é que ninguén o lembra?

Nada de mendigar polos xornais unha columna de san
simeón á que empolicarme.
Nada de pedir esmolas culturais, nin sorrir nas fotos sei.
Non levo ben os afagos, as críticas peor.
Obsesióname non saber como xestionar un éxito repentino.
Obsesióname que a isto lle chamemos poesía só porque
quixen cortar a frase aí: que hai de truco en todo iso?
Un ilusionismo barato
baratísimo
non che custa nada lerre nin odiarme.
Debería cobrarche.

3,141...

Os autómatas obsesiónanme e todo
aquilo que nos recorda que somos reproducibles.
O clon do clon do clon
con esa palabra que é case unha onomatopea.
Quen tomaría en serio ao seu clon? E con todo
sería *nosoutros*, disposto a nos doar o seu páncreas se fose
preciso,
as dúas aurículas e os dous ventrículos:
moito mellor persoa que moitas persoas nativas.

Obsesióname o abismo
animal de halo obsesionado
obsesióname o teu abismo.

Criatura mecánica
retrancazo con
óso de páramo
saudade na túa suor.
E todo iso batido cunha moi notable

idiotez humana.

Filloa de sangue. A obsesión polo xenio
de toda a miña xeración xenoma.

Que se supón que facemos grande un a un
se o soño chanta en carne colectiva?

Obsesióname de cuanto a canto
nos parecemos. Criatura.

Obsesióname polas noites que non durmo
a ciencia na literatura como
unha inxección de abismo no tórax
como unha -como unha-
ecuación onde a emoción despexa e gravita pelada
só os seus ósos baixo o infinito.

Trementes.

Algo tan semellante a ti.

Que me acusen de experimental, obsesióname.

Que non me acusen de experimental.

Serei eu, mestre? Serei eu?

Obsesióname a miña inseguridade
que certifica aos demais que nada fago a dereitas na súa
presenza

cando a pantasma da perfección aparéceseme nas súas
ausencias

clariño e diáfano como toda aparición a soas.

Obsesióname esas entrevistas cheas de parvadas
deformadas

pola suposta necesidade da información.

Da necesidade á necidade nun par de séculos.

Que se di pronto.

Ninguén necesita que eu lle explique nada.

As entrevistas non poden suplantar unha obra.

Unha obra non pode suplantar a túa man.
A túa man non pode suplantarte.

3,1415...

Obsesióname o cruceiro ata Creta
que só desexo levar a cabo canda a miña nai
para que saia disto que agora chamamos España
e ollen os homes para ela.
Que eu me encamiñe ao palacio de Knossos
e ela entreteña tomando o sol toda vestida
cunha cervexa moi cretense e moi fría
de palique cun nativo:
“Todos os cretenses menten. Se eu non o fose, señora,
diría que é vostede belísima”
e a miña nai sorría baixo un sol sofista.
Moito o teño soñado.

Da miña nai
tamén obsesióname que saiba
que todo o meu traballo é un culto á súa persoa
á súa forza sobrenatural
sen axuda dos homes,
ou a pesar deles,
ao coláxeno natural da súa pel
aos seus arranxos chafalleiros en traxes de chaqueta
á súa beleza imposible cunha pensión como a súa.

Obsesióname a medicación de G. e é por iso
que me obsesionan o cerebro e as súas obsesións.
Un globo redondo que estala
se o premo cun dedo de melancolía.
Eses líquidos raquídeos.

Esa invasión de letargos.
Esa lingua que prende porque
algo na cabeza non anda ben.
Terma dun un libro nas mans e o libro treme.
Iso é o haloperidol.
Iso é ser clase baixa.
Non poder saír dunha frase
que non estaba destinada a nós.
Obsesióname que G. saiba, que saibas, meu irmán meu
--pico da miña europa, meu monte perdido,
rebeco fuxidío baixo o crebaosos da alma-
que na miña cabeza sempre tes dezanove
co teu diploma literario, as túas medallas deportivas
e a marca que deixaron no empapelado da nosa vida
sempre dezanove
telos, abrumadoramente.

Obsesióname tamén
-xa postos no núcleo-
o meu pai.
De nena obsesionábame
que non me coñecera a min.
Agora obsesióname
non ser eu quen o coñeza.
Sería un bo tipo?
Era tan novo como vellas as cinzas
dunha *hornacha* castelá que vin un día.
Alguén nunha estación díxome
que o meu pai escribira unha novela.
Non sei se me mentiu.
Obsesióname esa novela.
Saber se a tecleou
na olivetti pluma que aínda gardamos

con aquel papel carbón para as copias.
Cómo se titulaba.
De qué ía.
Obsesióname saber que me parezo
a esa compulsión que hai tanto que non existe.
O meu nariz é o seu: aos quince
obsesionábame operarmo
porque cría -cría-
que era o único terrible da miña alma.
O meu feo nariz de muller foi unha vez
o seu fermoso nariz de home.
Agora non quero perdelo
e acaríño a miúdo.
O seu óso prominente
é *os seus* ósos afundidos na historia.
Non quero perdelos, iso
iso obsesióname.

3,14159...

Obsesióname a obsesión dun neandertal.
Se algo intuín sobre o tempo que lle quedaba.
Se acertou a adiviñar que especie torpe tiraría de fociños.
Obsesióname o cosmos e a súa falta de obsesións.
Debería manifestar algunha histeria, algunha neura.
Un berro no baleiro de cando en vez.
Faríanos sentir moito mellor.
O único obsesivo é
o aire de non ir deixarnos nunca
que teñen as estrelas
a súa cómica duplicidade
o seu talento pouco recoñecido.
Obsesióname pensar que algún día

desaferrollaremos todo iso
e rematará a maxia.

Obsesióname o principio dun poema
como me obsesiona o seu final.
Como me obsesiona o seu final.
Como me obsesiona non repetirme. E como me obsesiona
o pestanexo dos libros, do papel
da propia terra cando se abre
cando se cerra.
E papoute.

2008

| anónima rules |

E a fodida sospeita de non ser xamais a muller que escribía
ou a que nevou unha idea
sobre como describirnos
de átomo a soño...

[risas entre o público]
ou sobre abandonar o charco ultrapoboado do eu

[...]

senón cunha pouca sorte
ser se cadra a tipa esa con olleiras grandes.

E con menos sorte, cousas peores.

E ser, antes da nada, a que
ninguén sabe moi ben cómo
nin por qué
[entrecellos entre o público]
vulcanizaba verbos en galego.

Unha que falaba galego.

E iso en perspectiva cósmica
seguiría sendo
sorte.

α

Finaliza todo isto.

Volve de ser un nobelo de papel

ou unha matriz de signos

á palma da túa man.

Alí alisa, reenxerta e rexenera

para que o deslea quen sabe, calquera outro, ninguén

unha mesma, xa sen memoria

∞

Mentres tanto ti e mais eu demos a volta a este texto como a un calcetín. A súa materia transformou en antimateria, a nosa man dereita na esquerda, ti en quen escribe e eu en quen leo. O barullo da rúa na mañá en música das esferas á tarde e todo o noso fodido entusiasmo occidental en melancolía oriental.

Estamos tolos, quer dicir, cordos.

Supercordos.

E comprendemos o cosmos de principio a fin

ata que rebota e nos descomprende de fin a principio.

Os hadróns regresaron a si mesmos tras a sonada

colisión do noso primeiro grolo de século.

Por se acaso o peixe recuou na súa ova.

O leite negro de Celan reabsorbido pola súa pluma.

Chaplin en cor e os nosos mortos, vivos.

O románico pápase ao gótico e á súa vez desaparece no

cuneiforme.

O ámbar derrete e del reviven rebuldeiras abellas
arañas que desviviran por arañeiras xigantescas a medio
facer.

A antivida campa ás súas anchas neste antitexto
velando positivos en laboratorios de fotografía
sementando tempestades para apañar suspiros
colgando o teléfono para falar contigo, amor meu,
odiado meu.

Rodamos *in decrescendo* deica o debut deste texto
ao seu cerviz que é tamén o seu cérvix
e todo o universo anica cara a nós
coma se arelase vernos desestructurar ata a adolescencia
correr desenguedelladamente cara atrás
esquecer conceptos adquiridos
-non me digas que non é fabuloso-
mentres nos sobe un rubor de primerizos ás fazulas
o *transmoderno* pasa a *postmoderno*
a *moderno* e a sen máis *antigo*
-e quen di *antigo* di *arcaico*-
e é esa a nosa man, a que agarra un lapis para desescribir a
súa primeira e
e tocar por vez primeira o rostro animal da nosa nai ben
nova.
Coma se orbitarmos este poema de punta a cabo nos
devolvese
oportunidades fuxidas e soños detonados
coma se volvésemos crer
ti en min e eu en ti
sendo eu quenqueira que ti sexas
sendo ti quenqueira que eles sexan
para nos atopar nesa risa primixenia que nos delata

que nos ata á desgraza e a conmove.

Ao principio de todo isto riámonos.
Riámonos e todo foi a partir de aí.

Chegamos ao comezo da vida.
Non é posible ir máis aló.
Non podemos coa risa.

2009

| balance e |

Iso é todo.

Se é que alguén tivo alguén.
Se é que fomos humanos xa que logo.
Iso é todo, penas mudas
nebulosas nos confíns desta frase
unha de tantas. Iso é todo.

Canto desexamos, nós
e era todo. Canto programabamos a vida
e é que, de deserto a deserto,
así é todo. É todo.

Tanto se descargamos fillos
coma se non. En que rachón
ou tan calafrió suspendido baixo o ceo.

Iso é todo eternamente.
Holograma entre estrelas vellas. Andrómeda
a nos devorar
e nós inclinados aquí, a ler
-tan sexy e melancólico ler
tan depravado-.
Iso é todo.

Fluxo cara ao carbono, iso é todo.
Oxidados de amor, iso é todo.
Fármacos e leis, curuxas e xanelas.
Iso é todo, autómatas
que aprenden a copiar entre unhas páxinas de libro.
Pantallas ao lonxe.
Periferias dende avións.

Volcáns submariños
parecidos a todo aquilo
a todo aquilo que non
non nos dixeches.
Ecuridade e a túa man.

Iso é todo. Pero dámea.
Por se é que hai máis non visto aínda.
Pestanexamos á vez.
E iso non
iso non é todo.

*Considero minhas obras como cartas que escreví á
posteridade, sem esperar resposta*

Héitor Villa-Lobos



papel a ponto de e canicas. Foto propia

[Gracias a Y. Quen me anda no pelo]

{ índice }

a contención, o aliento	5
zero	6
materia oscura [abismo e superficie de páxina]	
páxina a punto de	11
talento baixo a	14
+ ou – 20 segundos	15
noria de Prypiat	17
cru de humano, demasiado humano	18
preguntas para un abismo	19
tinta a piques de [texto alla noire e gialla maniera]	21
o síndrome ante o clásico	23
entrando en materia de posteridade	24
derivas astronómicas da posteridade	26
materia gris	
incivilizacións	28
voyeureshka	30
ny	33
de Ciudad Juárez	36
de entre todas as formas de facerche inmortal	38
Ghost in Machina [sci-fi poema para grandes robots]	42
glissando cara á levitación universal	44
fluído rosa	
a maternidade, a sutura	47
caza	48
a muller que	50
ffffff	53
perversa	54
dispositivos sobre o desexo	57
rea	59
base de datos: obsesións	64
anónima rules	74
soak-somsok	75
balance e	78